



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE NOVEMBRO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE D ^a , MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e dous de novembro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (25/10/2017).

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que o voto do seu grupo vai ser en contra porque observan unha manipulación, unha falta de transparencia na acta. Aínda que se dixo que non se trataba de recoller literalmente todo o que di no pleno, pero si que quede reflectido o sentido do que din.

Cando faláron da RPT, na súa intervención fíxolles notar que non podían votar a favor porque podía haber pequenas modificacións e que presentaban un borrador. Na réplica o Sr. Alcalde, nomeou ao Sr. Zapatero; e a acta o que recolle é que a culpa é de Zapatero, da crise que goberna o PP. Non sae o nome do Sr. Rajoy por ningún lado, e si o do Sr. Zapatero dúas veces que é o que ten a culpa de todo.

Ademais dá as grazas por absterse, cando o sentido da abstención era por presentar un borrador da RPT no pleno e que ían aprobar si ou si porque teñen maioría absoluta, e tampouco está reflectido na acta. Entende que non se recolle o sentido do que quixeron dicir no pleno e parécelle unha manipulación total e absoluta. Roga que non manipulen o que o seu grupo vén a dicir ao pleno. O voto do seu grupo vai ser en contra.

A Presidencia di que entende que se deben recoller esas modificacións que di e garántelle que non hai manipulación por parte de ningún. El mesmo mira na acta o que di e non o que din os demais.

Gustaríalle que rectificara o sentido do voto e que se tomen en consideración esas modificacións que propón. Recorda que cando se envía a acta do pleno é para estas



cuestións, para as revisións. Non ten sentido a acusación de manipulación dende o momento en que están gravados e se colgan en youtube.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pon en dúbida cando a Presidencia di que non lle dá o que din os outros, porque lle consta que o técnico que redacta as actas llelas pasa a vostede e ao Sr. Secretario para que as revisen.

Parece que lle dá as grazas pola abstención, cando se absteñen porque o grupo de goberno ten maioría absoluta e porque o procedemento que seguiron é traer algo a pleno para aprobar que pode ter modificacións posteriores.

Cre que as súas intervencións non son tan extensas nin tan difíciles como para non interpretar o que quere dicir. Por outro lado, non todo o mundo ten acceso á gravación dos plenos e as actas cumpren unha función, por iso é importante que quede reflectido. Sinte que lle pareza egoísta a súa postura, pero non van cambiar o sentido da votación.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor, sete do PP e un do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, e catro votos en contra do PSdG-PSOE.

2.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal número 4 reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM).

Dáse conta do informe da comisión informativa especial de contas do día vinte de novembro de dous mil dezasete na que se modifica o parágrafo un do artigo 7.2

A Presidencia di que vén sendo o que se falou na comisión. É un simple cambio de redacción.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que o seu grupo a vai apoiar xa que lle parece ben todo o que sexa simplificar burocraticamente.

Posta a votación apróbase por unanimidade dos asistentes.

3.- Acordo, se procede, sobre declaración institucional con motivo da celebración do día contra da violencia de xénero.

Dáse conta da declaración institucional con motivo da celebración do día contra da violencia de xénero.

O Sr. Lema Mougán do PP di que hai unha moción presentada polo PSdG-PSOE ao respecto, pero que é un tema diferente ao da declaración institucional. Como xa se falou na comisión, trátase de facer un texto o máis institucional posible para que todos os grupos políticos se sentiran cómodos con el. En temas como este é fundamental que a cidadanía vexa que as institucións mostran a súa preocupación e repulsa en contra desta lacra.

Sinala que ademais moito disto ten que ver coas actitudes, comportamentos e polo tanto coa educación e cre que é relevante que as institucións en xeral, e o concello en particular, deben aportar o seu gran de area. Non deixa de ser unha acción puntual e agradecería e felicitaría a aprobación da declaración coa unanimidade de todos.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que despois de darlle varias voltas a esta declaración que se lle presentou o luns, a primeira vista, ven que é unha declaración de intencións, algo que xa está dito moitas veces. Están en contra da violencia de xénero, que unha sociedade que se considere avanzada ten que dar resposta a esta lacra e que a educación xoga un papel importante.

Mais no momento en que fala da administración local, non fai referencia a que as administracións locais foron despois desas funcións que tiñan (que parece que se recupera), non fala do Pacto de Estado contra esta violencia. Por este motivo presentarán despois unha moción, porque lle parece totalmente insulsa a declaración institucional, a parte de non contar co seu grupo.

Todo o que di a declaración é correcto, pero non di nada novo nin afonda no reto que levan afrontando dende hai anos, e dada a falta de recursos económicos nestes anos de



crise, non se avanzou o que se tiña que ter avanzado. É unha declaración moi simple. O seu grupo vaise abster porque non participaron na elaboración do documento e polo tempo que se lles deu para facer achegas ao mesmo.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito di que o dicionario da RAG (Real Academia Galega) define hipócrita como persoa que actúa con hipocrisía. Hipocrisía: Actitude daquel que finxe o que non sente e mantén unha postura falsa cara aos demais e tamén carácter das palabras, xestos e feitos dos que teñen esta actitude.

Dá lectura a un documento que é un escrito de queixa formulado ante a Valedora do Pobo que foi presentado o vintetrés de maio onde di:

PRIMEIRO.- O concello de Vedra a día de hoxe carece de Plan de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (PIOM) actualizado e adecuado á realidade social do municipio. O primeiro e único PIOM do Concello de Vedra prevía unha temporalidade 2009 – 2013, sen que ao seu remate se procedera nin á avaliación da súa aplicación, que ven prevista no propio Plan, nin á elaboración do II PIOM.

A avaliación é imprescindible e constitúe un trámite necesario para a elaboración do seguinte PIOM, pero aínda a día de hoxe, catro anos despois da súa finalización, non existe nin avaliación do primeiro Plan nin, como resulta obvio, elaboración e aplicación do segundo. Resulta importante destacar que os Concellos limítrofes están aplicando na actualidade o III PIOM.

SEGUNDO.- En maio de 2015 este concelleiro denunciou publicamente que o I Plan estaba sen actualizar e sen avaliar, e pedimos a súa renovación. A resposta do Concello foi inminente: prohibiron o acceso ao documento na web municipal, demostrando a total falta de transparencia e a máis absoluta ineficacia e incompetencia do goberno en materia de igualdade.

Este feito foi levado a Pleno, no primeiro da lexislatura (8-xullo-2015). Tras reiterar a petición, no Pleno celebrado o 23/11/2015 o Sr. Alcalde (hipócrita) responde: *“están a traballar para a avaliación e posterior elaboración do plan con distintos axentes sociais, como o Instituto da Muller, Asociacións de Mulleres pola Igualdade, etc; solicitando orientación e asesoramento para realizar unha boa avaliación e elaborar un plan que non quede no papel, senón que sexa eficaz e que incida na realidade do noso concello, crendo que isto é importante e que estará operativo en febreiro e marzo o vindeiro ano”* (operativo en febreiro/marzo de 2016)-

Efectivamente, o Sr. Alcalde ten boas palabras. Nunca fixo nada ao respecto – atopouse cun PIOM herdado - , pero ten boas palabras.

Só foron boas palabras. Un ano despois, Pleno celebrado o 28-novembro-2016, o goberno confirma que aínda non elaboraran a avaliación e reiteramos a petición. E vai máis alá: o portavoz do grupo de goberno (PP) don Rogelio Lema toma a palabra para deixar claro o seu desinterese polo tema, e decide emendar o compromiso feito polo alcalde un ano antes respondendo que *“o plan que comezou en 2009 até 2013 está prorrogado e en vigor. No próximo ano farase unha reforma...”*

Non existe a posibilidade de prórroga tácita dun documento destas características; en todo caso, a prórroga tería que ser por acordo expreso da Xunta de Goberno local ou por decreto segundo as competencias de cada concello; actos que non se produciron. Neste sentido abonda observar as bases das subvencións que anualmente convoca a Secretaría Xeral de Igualdade ou a Deputación da Coruña, que todo parece indicar non tramita o Concello de Vedra, pero que atendendo ás liñas de financiamento que convocan os citados organismos sería necesario tramitar tendo en conta que a avaliación e elaboración de PIOM son obxecto de subvención.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A día de hoxe o goberno municipal de Vedra segue sen orde de traballo algunha ao respecto, non convocou a axentes sociais como se comprometera e para o seu portavoz está ben.

A falla dun Plan de Igualdade é unha cuestión sumamente grave que se engade ao deixamento do goberno na materia.

TERCEIRO.- O concello de Vedra conta cunha poboación de cinco mil habitantes, cunha pirámide de poboación decrecente que resulta inminente contrarrestar con medidas que redunden en beneficio da poboación do Concello. Unha axeitada política de conciliación e igualdade de oportunidades constituiría un pilar fundamental para facer de Vedra un concello xa non de referencia para a contorna, que tamén e a iso aspiramos, senón cando menos en condicións de igualdade cos concellos veciños.

En Vedra danse todas as características para poñer en marcha un II PIOM.

CUARTO.- Apelamos ao artigo 14 da Constitución e ao Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Galicia en materia de igualdade, concretamente aos artigos 44 e 45 respecto á instauración de Plans de igualdade de oportunidades municipais.

Por todo o que antecede, solicita á Valedora do Pobo, que tendo por presentado este escrito o admita, teña por formulado escrito de queixa contra o concello de Vedra por carecer de Plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres actualizado, e de conformidade co previsto no artigo 22 e seguintes da Lei 6/1984, de 5 de xuño do Valedor do Pobo, acorde:

- Acusar recibo, asignar número de expediente, e admitir a trámite a presente queixa.
- Promover a investigación sumaria e informal dando traslado ao Concello de Vedra do contido do presente escrito, acompañado da oportuna demanda de información por parte da institución que representa ao concello a fin de que no prazo improrrogable de quince días remita informe aclarando as razóns polas que se carece de avaliación do I PIOM e elaboración do II PIOM.
- Formular as advertencias, recomendacións ou recordatorios de deberes legais que estime oportunos en aplicación do artigo 32 da Lei do Valedor do Pobo.

O día trinta de maio recibe a contestación da Valedora do Pobo na que unha vez estudada a queixa presentada dáa por admitida e inicia as actuacións oportunas ante o concello e requírelle ao mesmo que no prazo de quince días facilita a información pertinente ao respecto.

O doce de xullo recibe escrito da Valedora do Pobo no cal di que o concello aínda non remitiu o informe demandado e que llo require novamente ese día, converténdose nunha obriga legal.

O trinta e un de agosto recibe un novo escrito no que lle indican que o concello remitiu a contestación e que o concello infórmalle á Valedora do Pobo que está elaborando o plan e que está prevista a súa aprobación en setembro ou outubro de dous mil dezasete. A finais de novembro atópase en fase de formulación de propostas e constitución da comisión de igualdade. Hai dous días chamouno unha persoa do concello para dicir que ían constituír dentro de pouco a comisión de igualdade. O equipo de goberno díxolle á Valedora no mes de agosto que xa tiñan a comisión constituída e que xa se realizara previamente unha diagnose onde analizaran as características do concello, a perspectiva de xénero, etcétera.



Contáronlle á Valedora do Pobo que son conscientes que se retrasaron na valoración dese segundo plan e que a Valedora ten que entender que os recursos son limitados e non todos os que lle gustaría.

Á vista disto, preguntoulle ao Sr. Alcalde no pleno de setembro cales eran eses recursos que lles gustaría ter e respondeu falando da lei de dependencia, dunha reunión que tivo hai uns meses co conselleiro do ramo. Preguntoulle se lle demandara eses recursos e falou dos 9,70 € das horas de axuda no fogar, polo que se ve que a igualdade non lle interesa.

No pleno do mes de outubro, o grupo de goberno hipócrita aprobou a RPT, e preguntoulle porque non había unha soa liña que contemplara este asunto. Unha traballadora do concello que está a traballar no plan de igualdade comentoulle que se sorprende que non apareza ningunha función nin ningún posto de traballo vinculado a este tema.

No eido da igualdade ten presentado mocións respecto de que a administración traballe no emprego dunha linguaxe non sexista, e recibiu boas palabras pero nos escritos que parten do concello segue sen cumprirse.

Entende, polo tanto, que o goberno fai uso destas celebracións, e o tradicional é facer deste un día de reparto de flores e bicos. Iso parécelle unha política vomitiva da que non vai participar e non vai votar a favor.

O Sr. Lema Mougán do PP lamenta que non se adhiran nin fixeran propostas para esa declaración institucional, polo que a van aprobar así e gustaríalle que houbera consenso. Di que houbo tempo dende o luns para modificar o texto, deron a oportunidade de presentar un texto alternativo novo, modificacións, etcétera. Se non o queren facer é unha posición política que respecta.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito replica que el mesmo e o grupo do que formou parte dende a campaña electoral fixeron propostas e esixindo que o goberno fixera un traballo mínimo en prol da materia. Di que perderon moitas oportunidades de facer o que debían e cumprir coa súa obriga e espera que o fagan a partir de mañá.

A continuación sométese a votación a seguinte declaración institucional:

“O 25 de novembro conmemórase o Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres, instaurado polas Nacións Unidas en 1999, para recordar en todo o mundo a necesidade de tomar decididas medidas para erradicar todo tipo de violencia contra as mulleres.

Un estado democrático esixe avanzar cara unha sociedade segura e libre de violencia de xénero, que garanta unha resposta rápida, efectiva e firme para protexer as mulleres que sofren violencia, así como para os seus fillos e fillas. Os poderes públicos teñen a obriga de xerar os mecanismos necesarios para combatela tenazmente.

Os concellos deben implicarse para favorecer actividades de loita contra a violencia contra as mulleres e promover a educación en valores de relación igualitaria e de respecto entre homes e mulleres.

A Administración Local, pola súa proximidade ao cidadán, debe dotarse dos mecanismos necesarios para desterrar na súa contorna as actitudes que favorecen a pervivencia desta lacra social.

Os valores da igualdade e da liberdade, entre homes e mulleres, deben inspirar transversalmente todas as actuacións levadas a cabo polos concellos.

O Concello de Vedra fai un chamamento a toda a veciñanza e ao seu tecido familiar, social e económico para que se una e participe, día a día, para conseguir un futuro de liberdade e igualdade sen machismo e sen violencia contra as mulleres.”

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP, cinco abstencións do PSdG-PSOE e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.



4.- Moción do PSdG-PSOE con motivo do día 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero.

Declárase a urxencia deste punto da orde do día que é aprobado con once votos a favor do PP, PSdG-PSOE e unha abstención do concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE fai unha exposición da moción e di que dentro duns días van ver todos nos medios de comunicación facer fincapé no papel que deben xogar todos en contra desta lacra.

Quere facer ver que foi un goberno socialista o que no seu día impulsou unha lei que foi aprobada por maioría, e á que a crise que tanto dano fixo e a súa xestión (salvar bancos, amnistías fiscais, recortes, etcétera) a lei quedou coxa pola falla de recursos.

Xa na declaración se fala de que a administración local, pola súa proximidade ao cidadán, debe dotarse dos mecanismos necesarios para desterrar da súa contorna as actividades que favorezan as diferenzas de estrato social e os recursos.

A institución máis próxima ás persoas que sofren esta lacra é o concello, e coa lei de bases de réxime local quitáronlle as competencias que tiña. Cónstalle que neste concello se están a facer cousas, pero tamén é certo que se lle quitaron competencias.

Queren facer valer o pacto de Estado que se acadou a proposta do PSOE este verán no Congreso dos Deputados. Pacto de Estado apoiado na súa maioría, coa abstención de Unidos Podemos, no que se pretende dotar con mil millóns de euros nos próximos anos para a loita contra esta lacra nos próximos cinco anos, onde contemplan máis de duascenas medidas e sobre cen millóns de euros para as administracións locais.

O problema que xorde agora é que os orzamentos do ano que vén están no aire, e quere facerlle chegar ao goberno do PP, que independentemente da súa aprobación, hai formas de dotar de orzamento este pacto, que sen dotación económica non pode realizarse.

Respecto ao tema da igualdade sinala que a ONU vén de reprocharlle a España o seu incumprimento sistemático. Pide que non deixen que os recortes fagan esperar por solucións que non son só de carácter económico. Existe un labor de educación detrás para o que se necesitan recursos tamén; pero sobre todo para axudar a esas mulleres invisibles que teñen como institución máis próxima o concello.

Por iso pide o apoio á moción.

O Sr. Lema Mougán do PP manifesta que unha vez lida a moción, visto o seu interese e exposta en termos cos que están de acordo; van apoiala e votarán a favor.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, manifesta que non é a súa función fiscalizar a política de traballo do PSdG-PSOE, polo tanto non lles vai preguntar cantas iniciativas levan formuladas no que vai de lexislatura respecto desta materia neste concello ou que medidas teñen proposto. Visto o título da moción é evidente que é unha moción que presentan con motivo do día vinte e cinco. Polo que a el respecta a motivación é suficiente para arrimala a un lado e lamenta que o PSdG-PSOE siga a política vomitiva do PP, polo que o seu voto vai ser a abstención.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que o Sr. Castro Rocamonde non quere fiscalizar, pero acaba de facelo. Supón que as iniciativas que presentou de cara a apoiar desde esta institución a erradicación desta lacra tampouco lle quedaron claras. O Sr. Castro Rocamonde pídelo ao grupo de goberno que faga un plan de igualdade, pero están falando dun pacto contra a violencia de xénero. Se ben vai relacionado co tema da igualdade, non todas as desigualdades levan á violencia de xénero.



Di que descoñece as que el presentou, e teñen falado con servizos sociais para ver que se fai ao respecto xa que é un tema que lles preocupa. Por outro lado, non lle gusta que diga que seguen a política vomitiva do PP.

Di que o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, non ten representación nunha institución como é o goberno do Estado e non se sente representado, pero o PSOE si a ten e si se sente representado. É por iso que o traen a colación a propósito do día vinte e cinco polo temor que teñen de que non vaia adiante dada a posible non aprobación dos orzamentos.

Rógalle ao Sr. Castro Rocamonde que mida un pouco os seus cualificativos porque non está de acordo con eles e non seguen a política do PP, aínda que poidan chegar a acadar acordos con eles, algo que non sempre é fácil e ás veces imposible.

A continuación sométese a votación a citada moción cuxa parte dispositiva di:

“ Instar ao Goberno de España a que inicie os trámites para as modificacións lexislativas necesarias, ao obxecto de devolución das competencias ás entidades locais no exercicio das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero.

Instar ao Goberno de España o cumprimento do compromiso económico acordado no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, ao obxecto de destinar vía transferencia aos concellos, un incremento anual de vinte millóns de euros durante os próximos cinco exercicios, para o desenvolvemento das medidas correspondentes contempladas no devandito Pacto.

Dar traslado da Moción e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, á Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ao Ministro de Facenda e Función Pública, así como ao Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

Posta a votación a citada moción, apróbase con once votos a favor do PP, PSdG-PSOE e unha abstención do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

5.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que presentou por escrito unha serie de preguntas en relación ás obras do campo de fútbol de Vedra e a Presidencia aproveita para contestalas todas.

En relación á obra efectuada, a Presidencia manifesta que hai que aclarar que se trata dunha pista de rodadura, non dun velódromo, independentemente da pendente. Non pode ser un velódromo porque hai unha limitación básica como é o terreo. Houbo que adaptarse ao terreo existente por iso ten unha corda de 250 m. co cal a propia corda non dá para ter un velódromo oficial.

Signala que si hai unha variación da pendente inicialmente prevista, que inicialmente era do 25% e agora é do 12-13%.

Previamente á mesa de contratación e á apertura dos sobres A,B,C, e a saber que empresa podía ser a adxudicataria das obras e ante as datas tan axustadas para executar en prazo o proxecto propónse e infórmase por parte dos servizos técnicos un cambio nas pendentes do anel. É un cambio que non afecta nin ás medicións e cantidade de material presupostado, e si aos tempos de execución.

Non afecta porque ese material de recheo que vai por debaixo da pista, xa en proxecto viña que o achegaría en obra o concello. RAMSA achegaba o material de xeito gratuíto e o concello facíase cargo do transporte. Comezada a obra xurdiu un problema con ese material que se achegaba, xa que a empresa encargada do control externo da obra, despois das probas e comprobacións a nivel técnico, descarta a zorra que procede desa canteira porque non acadaba os niveis de compactación que se pretendía pola



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



escaseza de finos na granulometría, e si serve o material que lle chaman de rexeite na base. Este é o motivo polo que se tivo que adquirir zahorra noutra canteira, pero iso non afecta ao orzamento contratado.

Esta cuestión foi comentada coa Xunta de Galicia nunha xuntanza mantida coa subdirección que leva o tema, dicindo que mantendo o uso proposto, non habendo cambio de situación, etcétera non había problema e só que se informara dentro do expediente dese cambio polo arquitecto.

Nada ten que ver o anterior con que unha empresa presente unha oferta que o programa considera formalmente como baixa temeraria. En todos os casos nos que ocorre unha baixa temeraria en calquera proceso de contratación solicítase que a xustifiquen. A empresa entrega un informe onde verifica que os prezos cos que concorre son os accesibles no mercado a través dos seus provedores habituais. Entrega un listado de provedores e xustifica os números. O informe é verificado polo técnico correspondente, e no momento en que lle dá o visto bo a mesa de contratación procede a contratar a esa empresa.

En canto aos prazos, afirma que non se incumpriron porque a Xunta de Galicia prorrogounos ata o quince de novembro e non vai haber problema na subvención.

No que se refire á funcionalidade da pista preguntóuselle a xente relacionada co deporte pola redución da pendente e din que para o que son as categorías de base é mellor que a pendente non sexa tan pronunciada e mesmo permite máis facilmente outros usos (patinar, camiñar xente maior, etcétera). Mesmo un profesional da bicicleta comentou que os auténticos velódromos non se usan e que lle parece que vai ter máis uso e un mellor aproveitamento a pista de rodadura.

Cre que é unha boa obra, aínda que todo é mellorable, pero que tal e como está agora, pide facer máis cousas como a iluminación de xeito inmediato, o axardinamento, arranxo da grada, vestiarios, campo de fútbol 7.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se se redactou un proxecto no cal non houbo modificación do mesmo, senón que houbo un informe do técnico que modifica ese aspecto que é a pendente e que non afecta ás medicións.

A Presidencia responde que é o que efectivamente lle trasladan os técnicos.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se o tivo á vista o informe, se o tivo a mesa de contratación e porque non se modificou o proxecto directamente.

A Presidencia responde que a Xunta de Galicia entendeu que non era preciso.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, non entende que opinión ten que dar a Xunta de Galicia no aspecto de que é un contrato que formaliza o concello de Vedra en base a un proxecto. A Presidencia dixo que non hai modificación do proxecto e insiste en que a modificación da pendente facilitou un acurtamento dos prazos que era a maneira de chegar á execución en prazo, e se houbo esa redución nos prazos, ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, parécelle estraño que non signifique unha redución de custes.

Evidentemente a modificación da pendente, que de aí vén que haxa unha redución na execución, implica unha redución da dificultade técnica na execución da obra, e polo tanto tería que repercutir na execución do orzamento, aínda que a Presidencia di que non.

Di que no portal de transparencia consta o proxecto, non o informe que o modifica. Consta o informe do técnico en canto ás ofertas presentadas onde figura a anotación de que é unha baixa temeraria, pero non consta a xustificación da proposta.

No que respecta ao cumprimento do prazo de execución entende que non. O prazo de execución que consta no proxecto é de trinta días, e segundo o Sr. alcalde houbo esa



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



modificación co cal se reduciu o tempo de execución. Saben que o prazo de execución excede con moito os trinta días.

A Presidencia entende que as preguntas están contestadas e remítese ao que xa dixo.

-- Respecto do plan de igualdade, a Presidencia aclara que na contestación á Valedora do Pobo cando di: “Atopándose na fase de formulación da proposta e constitución da comisión de igualdade”; non quere dicir que nese momento estivese xa constituída. É certo que tiña que estar, pero vai retrasado, polo que pide de novo desculpas. Cre que agora colleu unha velocidade de cruceiro e cre que a técnico xa lle explicou ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, en que fase se atopaba agora. Hai un equipo de traballo formado por ela e os concelleiros correspondentes, fíxose a diagnose do primeiro plan e están cerca de ter a proposta sobre a que traballar, debater, crear esa comisión transversal e permanente. Pasando a mediados de decembro o borrador completo aos grupos políticos, asociacións e demais entidades para comezar a traballar sobre el. Tratarán de facelo o mellor posible e aplicable.

--Á pregunta de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre o transporte escolar respóndelle que non hai novidades ao respecto.

--Á pregunta de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre o campo de traballo que se estaba a realizar en San Xián nos días pasados, a Presidencia contesta que os rapaces italianos que estaban en San Xián é un tema do GDR Terras de Compostela. É un intercambio internacional e era a viaxe de volta que hai un ano fixeron dez rapaces dos concellos que forman o GDR.

--Ao comentario do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre o tema da desigualdade di que é algo que non comparte con el.

--Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre megaproxecto para humanizar o centro de Vedra ao abeiro do PAES e a necesidade dun tramo de beirarrúa dende o bar O Candil ata Aluminios Vedra di que ten sobre a mesa o plano e que no seu momento se lle formulou á Xunta de Galicia estendelo ata o cruce con Trobe e cre que pode ir no plan do PAES.

--Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre que pasaría no suposto caso de que non se remataran as obras no prazo establecido que xa está contestada.

--Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre que consideran como puntos negros aquí en Vedra di que xa está contestada.

--Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre o vagón do tren, a Presidencia di que entende que é a empresa adjudicataria a que se ten que facer cargo porque dentro dos custes está o de traelo de alá a aquí.

O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE pregunta que consideran como puntos negros en Vedra. A Presidencia responde que queda pendente e pide desculpas porque cría que xa estaba contestada.

--Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre colgar os vídeos en youtube a Presidencia di que xa están colgados.

--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre o plan de igualdade a Presidencia di que cre que xa falou con Mamen e xa lle informou.

--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre a avespa velutina a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que di que o concello gastou sobre uns 5.000 – 5.500 €, porque ánda hai facturas que non chegaron de líquidos e tratamentos que se van comprando no día a día. As achegas doutras administracións foron de cero euros, agás a Xunta de Galicia que achegou no seu día unha pértega e dous traxes.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre a limpeza do local do pavillón municipal, a Presidencia di que como usuario fai un seguimento de primeira man do servizo e cre que a calidade da prestación do servizo da empresa adxudicataria no pavillón é moi boa, que cumpre coas condicións de prestación de instalacións deportivas. Son raras as queixas e cando estas existen resólvense de xeito inmediato. Así mesmo, cónstalle que se teñen feito enquisas de satisfacción e teñen pensado volverlas facer.

--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre a factura do aluguer de dúas furgonetas de similar clase e alugadas ao mesmo provedor a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que di que hai un erro na redacción da pregunta porque a data correcta é do catro ao dezasete de xullo e non do catro ao trece de xuño.

O aluguer foi no mes de xullo, do catro ao dezasete de xullo de dous mil dezasete. Hai dúas facturas iguais. Existe unha que pon do catro ao trece e tería que poñer do catro ao dezasete de xullo.

--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre a bolsa de emprego temporal, a Presidencia di que aínda non entrou en vigor. Debido á gran cantidade de traballo nas oficinas que coincidiu con baixas laborais e á súa vez con seis procesos, coa creación de seis listas onde hai moita xente anotada para esas bolsas de emprego temporal, considerouse máis oportuno rematar ese proceso nas datas de outono e inverno.

Agora mesmo non se cobren os servizos ou cando é absolutamente imprescindible acódesse a unha empresa ou autónomo externo. A Presidencia adiántalle que xa se empeza a rematar o proceso desa bolsa de emprego temporal, para ter as listas definitivas. Para o trece de decembro está previsto o proceso de selección de monitor de servizos culturais educativos. Quedan outras cinco que irán paulatinamente e nun par de meses xa estarán todas as listas operativas.

--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre a obra no campo de fútbol de Vedra, a Presidencia di que xa está contestada.

--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre os traballos de organización do arquivo, a Presidencia remítese a todo o xa contestado sobre este asunto polo concelleiro de cultura e por el mesmo. As preguntas que formula parécenlle improcedentes e nega xenericamente as conclusións ás que quere chegar. Di que o xeito de proceder e actuar do Alcalde é en base á legalidade e non en base a favores nin a relacións.

--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre o contrato do tren, a Presidencia cre que pretende crear confusión e unha imaxe manifestamente inxusta. Di que pon o que lle interesa e o que non lle interesa non o pon. Di que sabe perfectamente que está ante un contrato tipo para calquera concello ou entidade que se vira na mesma situación en España. A calquera entidade que queira usar un vagón da Fundación fanlle o mesmo contrato coas mesmas cláusulas xenéricas.

Son cláusulas tipo de calquera contrato de cesión, pero hai que referilas ao estado no que está e envían o tren, o que está perfectamente acreditado e xa eles mesmos valoran o estado en dez mil euros.

En canto ao tempo de cesión, a duración son dez anos máis dez anos, pero o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sabe que pasarán vinte máis vinte e seguirá estando na estación de Ribadulla. Na cláusula sexta que é a de devolución do vehículo, se a Fundación quixera reclamar o vehículo tería que asumir a inversión non amortizadas que Vedra realizara.



O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, dille á Presidencia que lea integramente ese punto, xa que Vedra terá dereito á devolución deses investimentos sempre e cando a Fundación decida recuperar o vagón antes do período, que son os dez anos, e non incumpra ningunha das obrigas que ten o concello. Son dez anos máis outros dez prorrogables anualmente dende o ano 2014 que foi cando se asinou o contrato.

A Presidencia contesta que houbo unha novación no ano 2017 e adiántalle que seguramente se poida renovar o contrato en calquera momento.

En conclusión, non se está pagando unha renda por el. A Fundación asumiría esas inversións se o quere recuperar. Di que fronte ás críticas que poidan ter, o concello arrisca moi pouco, porque é un proxecto subvencionado por Agader a través do GDR Terras de Compostela, por tanto con fondos europeos. É un proxecto que por innovación, por ser para o fomento do emprego, está subvencionado nun 90%. Foi o proxecto máis puntuado e valorado dos dez concellos e é o que leva a porcentaxe máis alta de subvención. É unha inversión de cen mil euros dos cales noventa mil págaos Europa. No peor dos casos, o concello arriscaría dez mil euros para arranxar ese vagón, mellorar a contorna da estación, crear ese espazo de coworking para os emprendedores, e durante dez ou vinte anos, debe ser motivo de ledicia, non de crítica, polo que lle pide que non descontextualice o tema do vagón.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que quen está descontextualizando o asunto dos fondos europeos é a Presidencia. Vedra vai recibir noventa mil euros que podería recibir para investir no vagón ou noutra cousa porque podía solicitalo para outro tema como fixo Teo coa rehabilitación dunha escola ruínosa que era un inmovible propio para un tema de coworking; Boqueixón investiunos en implantar un sistema de aforro enerxético nos bombeos de auga. A Presidencia solicitouno para ese proxecto e concederon noventa mil euros que poderían ser investidos noutro asunto e decidiunos investir aí. Está contando cousas que non son certas.

A Presidencia replica que o debate é inútil e que está contestado pola súa parte.

Á Presidencia indica que as preguntas do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA serán contestadas no pleno seguinte.

6.- Rogos e preguntas.

Neste momento incorpórase ao pleno o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- Hai dúas facturas pagadas, unha o dez de outubro por importe de 24.974 € pagadas a Construcciones Luis y Alfonso pola realización da fase un da construción de aula de infantil no CEIP de Santa Cruz de Ribadulla.***** O día dezasete de outubro hai outra factura por un importe de 24.950 € pola realización da segunda fase. Como sabe a partir dun determinado orzamento dunha obra debe saír a concurso público. Non sabe se é legal ou non, se cadra pode dicir algo o Sr. Secretario.

O Sr. Secretario di que non ten constancia diso, co cal ten velo antes de emitir unha valoración.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que son facturas publicadas na última Xunta de Goberno e chaman a atención porque vén a ser un orzamento de case 50.000 €, e neste concello por máis de 30.000 € tense que sacara concurso público. É unha maneira de adjudicar a dedo obras que tiñan que pasar por unha mesa de contratación.

O seu grupo vaise reservar o que van facer con isto e di que o colexio de referencia no concello é o CPI de Vedra e segue esperando por un montón de cousas.



O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE presenta a proposta do seu grupo para a realización dunha campaña de instalación de trampas contra a avés velutina nas camelias cos seguintes puntos:

- 1º.- Nome da campaña: “Loita contra a velutina: unha camelia, unha trampa”.
- 2º.- Ámbito de actuación: a campaña irá dirixida a toda a veciñanza.
- 3.- Duración: iniciárase o antes posible e rematará coa celebración das XXIII Xornadas Arredor da Camelia de Vedra 2018.
- 4.- Divulgación: é un dos obxectivos principais da campaña e centrarase nos seguintes obxectivos:
 - a.- Realización de charlas-coloquio sobre a velutina en distintos puntos do concello para chegar ao maior número de persoas posible.
 - b.- Implicar aos centros educativos de Vedra instando ao profesorado a realizar charlas e talleres sobre a velutina. Neses talleres poderanse construír co alumnado trampas caseiras que serían de utilidade na campaña.
 - c.- Distribución de trípticos informativos nas instalacións públicas e de máis afluencia de xente no concello, así como nas distintas actividades enmarcadas nas Xornadas arredor da camelia.
 - d.- Instalación dun stand na Mostra de Flor das Xornadas arredor da Camelia na que o persoal do concello e da Asociación Galega de Apicultura (AGA) dean asesoramento e regalen trampas (mercadas polo concello e as realizadas nos talleres dos centros educativos) a todas as persoas que teñan camelias nas súas parcelas.
- 5.- Estes puntos están abertos a todo tipo de modificacións propostas polos distintos grupos políticos co fin de construír unha campaña o máis efectiva posible.

Di que é unha proposta aberta que ten como fin atacar de xeito agresivo a esta especie invasora e roga que se teña en consideración esta proposta e contan co apoio do seu grupo para levala adiante.

2º.- Segundo a lei 10/2014 do 3 de decembro de accesibilidade, no seu capítulo 2 artigo 16 considéranse edificios, establecementos ou instalacións de uso público aqueles destinados a un uso que implique concorrencia de público para a realización de actividades de interese social, recreativo, deportivo, cultural, educativo, comercial, administrativo, asistencial, residencial, relixioso, sanitario ou outras análogas ou polo público en xeral.

Os edificios de titularidade pública ou privada destinados a uso público proxectaranse, construírán, reformarán, manterán e utilizarán de forma que garantan que estes resulten accesibles, nas condicións que se determinen regulamentariamente.

Os espazos que alberguen os diferentes usos ou servizos dun edificio público terán características tales que permitan a súa utilización independente ás persoas con discapacidade e estarán comunicados por itinerarios accesibles e comprensibles.

Existirá polo menos un itinerario accesible a nivel que comunique entre si todo punto accesible situado nunha mesma cota, o acceso e saída da planta, as zonas de refuxio que existan nela e os núcleos de comunicación vertical accesible.

A lo largo de todo el recorrido horizontal accesible quedarán garantidos os seguintes requisitos:

- a) A circulación de persoas en cadeira de rodas.
- b) A adecuación da pavimentación para limitar o risco de esvarar e facilitar o desprazamento ás persoas con discapacidade.
- c) A comunicación visual de determinados espazos, segundo o seu uso, atendendo ás necesidades das persoas con discapacidade auditiva.



Entre os espazos accesibles situados en cotas distintas existirá polo menos un itinerario accesible entre os diferentes niveis que contará, como mínimo, cun medio accesible alternativo ás escaleiras. Os edificios de uso público de máis dunha planta contarán sempre con ascensor ou rampla accesible.

Disporase en cada planta, fronte á porta do ascensor, do espazo que permita o acceso aos usuarios e usuarias en cadeira de rodas ou a persoas con discapacidade con outras axudas técnicas.

Disporanse elementos de información que permitan a orientación e o uso das escaleiras, rampas e ascensores a todas as persoas con independencia da súa discapacidade.

Di que é unha lei que se debe cumprir e por iso solicita que se arranxe o ascenso da Casa de Cultura de Santa Cruz e se realice un estudo de todos os locais municipais para mellorar a accesibilidade dentro das necesidades lóxicas da veciñanza e as posibilidades do concello. Considera que os locais municipais deberían ser accesibles para todo tipo de persoas e cónstalle que hai locais que non cumpren algúns criterios.

3.- Solicita o arranxo da plaqueta que se levantou nas instalacións dos partidos políticos na casa do Antigo Xulgado, así como un punto de luz na entrada e un punto wifi de conexión a internet.

4.- Respecto á obra do campo de fútbol de Vedra pregunta se a primeira fase está rematada e se está dispoñible para que a xente o use, porque en caso de que non sexa así, pode haber un problema se alguén se manca e denuncia ao concello. Solicita no caso de que non se poida usar que se peche ou no seu defecto se coloquen carteis advertindo de que non se pode usar.

Respecto á pista de rodadura pregunta se vai quedar así ou se lle vai poñer unha capa máis por encima.

5.- Cónstalle que dende a Asociación Agarimo de San Fins de Sales teñen solicitado ata cinco veces, a última por escrito, un local para facer as súas actividades, e en ningunha tivo resposta. Solicita que se poñan en contacto con eles e lles facilite un local, xa sexa o local social de San Fins ou calquera outro a disposición do concello.

6.- Respecto da páxina web do concello, indica que é un desastre. Propón colocar un acceso directo aos vídeos que están colgados en youtube e un buscador de contidos. Di que as publicacións están sen data e estruturalmente é un desastre. Solicita que se lle dea un aire novo e que sexa accesible para toda a cidadanía.

-- O SR. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Sobre o contrato de cesión temporal do uso do vagón do tren de Santa Cruz, A Presidencia di que é un contrato tipo, o que corrobora o que circula por aí que é que ao Sr. Alcalde o levaron a Madrid, a Fundación púxolle un papel diante co que lle pareceu e asinou. Pregunta se o Sr. Alcalde ante ese contrato e cando se formalizou consultou ao Sr. Secretario sobre se era lesivo ou non para os intereses do concello.

2.- Nunha das notificacións que recibiu do concello, había un pé que viña asinado polo departamento de novas. Pregunta se é de nova creación ou xa existía antes. Cal é a súa función e se na RPT consta vinculada esa función a algún posto de traballo? De ser así, a que posto de traballo se lle asigna?

3.- Respecto da Asociación da casa dos peóns e da Asociación de Amigos da Camelia, das que é presidente o Sr. Alcalde, polo feito de ser alcalde, entende que debe ser o Sr. Alcalde o que debe dar conta das accións, actuacións, resultado de contas, estado económico e subvencións que teñen as dúas asociacións. Solicita como mínimo os últimos cinco exercicios pechados e di que o pode expoñer nunha comisión e facilitarlles a documentación ao respecto.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



4.- Respecto ao plan de defensa contra incendios, dado que estamos no mes de novembro, pide ao goberno que actúe antes de que chegue o verán e non lle suceda como coa bolsa de emprego temporal que foi aprobada de urxencia, denegaron emendas porque tiña que aprobarse e entrar en vigor no verán, e aínda non está en vigor. Solicita que se poñan a traballar nel para que na primavera estea xa todo concretado.

5.- Cal é o estado do expediente de reposición da legalidade da carballeira de Xián?. Formulou o interesado alegacións? Como está a tramitación do mesmo?

6.- Respecto ao vagón do tren de Santa Cruz de Ribadulla, pareceulle que o proxecto está encamiñado a obras de adecuación interior para o uso que se pretende, e dá a impresión de que non ten unha accesibilidade moi axeitada. Pregunta se cumpre a lei de accesibilidade, e de non cumprila, se é posible dotalo e se esa dotación estaría dentro do orzamento do proxecto.

Nas cláusulas do contrato de cesión coa Fundación, hai cláusulas moi restritivas en canto ás actuacións que e poden efectuar, xa que non se poden facer modificacións significativas do coche, co cal podería estar condicionado o uso para o fin que se pretende.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA pregunta:

1º.- Respecto á pista de rodadura di que sen a pendente axeitada os pedais tocan no asfalto. Cando pensan rematalo?

Solicita que o habiliten para usalo tal e como está, preparándoa para usala sen encherse de lama.

2º.- Pregunta se iniciaron os trámites e o estudo xunto con Boqueixón para analizar as vías de transporte público que enlacen despois do dezanove con Santiago, para facer o mesmo proceso que fixeron con Teo.

Solicita que conformen un mesa de traballo os tres concellos e que saiban se Santiago vai implementar o sistema de transporte público que tiñan pendente e que se estructure a nova armazón de transporte público de acordo con esa nova estrutura.

3º.- Respecto ao PAES , cal é o motivo de que non se participara no proceso para subvencionar o plan director que estaba pendente.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e trinta minutos.